

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 23 de novembro de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D. Angel Rivas González.

Invitados

D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte e tres de novembro de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1237).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 3 de novembro e ordinaria e extraordinaria e urxente do 9 de novembro de 2017. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(1238).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA O MANTEMENTO E ASISTENCIA DO APLICATIVO QUE DA SOPORTE Á CONTABILIDADE MUNICIPAL. EXPTE. 8281/113.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 25/10/17 e o informe de fiscalización do 31/10/17, dáse conta do informe-proposta do 30/10/17, asinado polo xefe do servizo de Admón. Electrónica, a Dirección Superior Contable e

Orzamentación, o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

Lei 3/2011, de 14 de Novembro Texto Refundido da Lei contratos do Sector Público. (TRLCSP)

Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia

Os servizos que abarcan mantemento e actualización das versións dos programas comercialízanse baixo o modelo de pago previo, garantindo este pago a prestación do subministro das versións e parches do programa por un período de tempo que abarque as modificacións ou versión que fosen liberadas polo fabricante durante o exercicio en vigor.

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante Resolución de 21/08/2017 o Concelleiro Delegado de Administración Electrónica acordou iniciar o procedemento de contratación do servizo para o mantemento de aplicacións informáticas externas (aplicación de xestión para a contabilidade)

Segundo.- No expediente tramitado ó efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación do xefe de Administración Electrónica de 21/08/2017
- Resolución do Concelleiro delegado de Administración Electrónica de 21/08/2017 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Prego de prescricións técnicas redactado polo xefe de Administración Electrónica de data 02/10/2017 .
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento negociado sen publicidade de data 25/10/2017 .
- Informe favorable ó expediente de contratación do Xefa Servizo Recursos e Asesoramento-Asesoría Xurídica da Asesoría Xurídica de datas 18/10/2017 e 25/10/2017 .

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación de acordo co disposto no art 93-1 da LCSP iniciarase polo Órgano de Contratación, no concello de Vigo esta competencia está delegada por Decretos de Delegación de Alcaldía de data 19/06/2015 e modificación da resolución de delegacións de alcaldía de data 15 de xaneiro de 2016 . O Concelleiro Delegado de Administración Electrónica en resolución de 21/08/2017 autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o art 93-3 da LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado polo xefe de Administración Electrónica e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola Xefa da oficina administrativa de Contratación.

Terceiro: O procedemento elixido para a contratación é procedemento negociado sen publicidade en virtude do artigo 170.d do Real Decreto 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do sector público.

Cuarto.- : En cumprimento do disposto nos artigos 113 do RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, 318.2 da lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, disposición adicional oitava da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e segunda, da Lei 3/2011, de 14 de Novembro Texto Refundido da Lei contratos do Sector Público , emitíuse pola Asesoría Xurídica do concello de Vigo os días 18/10/2017 e 25/10/2017, informe favorable ó expediente de contratación devolvéndolo o expediente co prego de cláusulas administrativa particulares informado de conformidade.

Quinto.-Según a Lei 5/2014 de 27 maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, este servizo ostenta competencias propias prevista no artigo 25.2 d) "Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade" da Lei 7/85, Reguladora das Bases de réxime local, na redacción dada pola lei 27/2013.

Sexto.-No artigo 93-3º da LCSP establece que ó expediente incorporárase o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral quen ademais fiscalizará previamente a súa aprobación, do expediente.

Septimo.-A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 3º Lei 3/2011, de 14 de Novembro Texto Refundido da Lei contratos do Sector Público. A resolución segundo o artigo 94 1º da LCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

PROPOSTA

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. Aproba-lo expediente de contratación por procedemento negociado sen publicidade para ó mantemento do aplicativo para a xestión da contabilidade municipal e a asistencia técnica asociada a dita xestión, que contén o prego de prescricións técnicas de data 02/10/2017 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento negociado sen publicidade de data 25/10/2017 .
2. Aproba-lo gasto de 47.684,50 € para para a contratación do subministro do servizo

de mantemento do aplicativo para a xestión da contabilidade municipal e a asistencia técnica asociada con cargo as partidas dos presupostos 9207.2279902 e 9311.2279900 e do exercicio 2018 atendendo ó seguinte desglose:

Partida	Exercicio	IVA	Base	Importe total
9207.2279902	2018	4.457,64 €	21.226,86 €	25.684,50 €
9311.2279900	2018	3.818,18 €	18.181,82 €	22.000,00 €
Total		8.275,82 €	39.408,68 €	47.684,5 €

3. Autorizar o pago dos servizos referidos ó mantemento e subministro das versións dos programas o comezo do exercicio correspondente ou no seu caso tras a firma do contrato.
4. Abrir-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1239).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DO EXOTARIUM E BOLBORETARIO DE VIGOZOO. EXPTE. 8434/612.

Dáse conta da proposta asinada con data 20/11/17, pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 20 de novembro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral do exotarium e bolboretario de Vigozoo (8.434-612)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 17 de novembro de 2017 polo que non se admitiu a CLAUDIO ABALO CARRERA por non declarar solvencia técnica suficiente para a prestación do obxecto deste contrato na declaración responsable incluída no sobre A “documentación persoal” e non tela emendado dentro do prazo concedido para o efecto.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de

mantemento integral do exotarium e bolboretario de Vigozoo (8.434-612) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	DIEGO BALLESTEROS PEINADO	100,00

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, DIEGO BALLESTEROS PEINADO, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 995,92 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

4(1240).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE ESTACIONAMENTO REGULADO E CONTROLADO NA VÍA PÚBLICA MEDIANTE PARQUÍMETROS. EXPTE. 90514/210.

Dáse conta da proposta asinada con data 14/11/17, pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de 14 de novembro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros (90.514-210)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo dos licitadores que deseguido se relacionan:

- Sesión do 14 de xullo de 2017:

1. SABA (por infrinxir a súa oferta o disposto na cláusula 14.3.2 do PPT e non acadar o umbral mínimo de puntuación previsto no parágrafo final da cláusula 16.1.1 do PCAP)
2. UTE GERTEK-ACCIONA (por non acadar o umbral mínimo de puntuación previsto no parágrafo final da cláusula 16.1.1 do PCAP)

- Sesión do 14 de novembro de 2017:

1. UTE INGESER ATLÁNTICA, S.L. con ESTACIONAMIENTOS IBERPARK, S.A. e AUSSA, por canto nos Plans Económicos Financeiros parten de premisas, tales como a modificación do contrato para incrementar as prazas ou ampliar os horarios de prestación do servizo, que non dependen da súa vontade, e que de non producirse farían inviable a concesión nos termos plantexados polos licitadores.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros (90.514-210) na seguinte orde descendente:

LICITADORES	PUNTUACIÓN
DORNIER, S.A.	91,10 puntos
SETEX APARKI, S.A.	84,26 puntos
UTE INDIGO&ESYCSA&API	66,46 puntos
ESTACIONAMIENTOS Y SERVICIOS, S.A	66,34 puntos

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, DORNIER, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 10 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.559,50 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

5(1241).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR O EVENTO DEPORTIVO “39ª EDICIÓN MEMORIAL BELARMINO ALONSO DE CAMPO A TRAVÉS”, O 26 DE NOVIEMBRE DE 2017. EXPTE. 16396/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 17/11/17, asinado polo director deportivo-xefe Unidade Técnica, o secretario de Admón. Municipal e o concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

Antecedentes:

A entidade Comesaña Sporting Club, con CIF (G-36645257), solicitou o día 28-04-2017, a través do Rexistro Municipal (Doc.170061288), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: 39º EDICIÓN MEMORIAL BELARMINO ALONSO DE CAMPO A TRAVÉS
- Data: 19 de novembro de 2017
- Horario: 10.00H A 14.00H

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento deportivo que terá lugar o vindeiro **domingo 26 de novembro de 2017**, a proba comenza ás 10.15h e rematará ás 14.00h, percorrendo pegado pola VG-20 á altura do río Lagares

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.
- Seguridade.
- Tamén se comunicou o evento a Protección Civil, cara á cobertura do mesmo.

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Polo exposto anteriormente, o técnico que subscribe, propón á Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á Comesaña Sporting Club, con CIF (G-36645257) a organizar o vindeiro domingo 26 de novembro de 2017, o evento deportivo denominado 39º EDICIÓN MEMORIAL BELARMINO ALONSO DE CAMPO A TRAVÉS, a proba terá a súa

saída ás 10.15 h e rematará ás 14.00h. O circuío da carreira estará pegado á VG-20 á altura do río Lagares.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1242).- TOMA EN CONSIDERACIÓN DO ACORDO DO TEA DO CONCELLO E DOS ESCRITOS PRESENTADOS EN PERÍODO DE EXPOSICIÓN PÚBLICA RESPECTO ÁS MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS FISCAIS E PREZOS PÚBLICOS PARA O EXERCICIO 2018. EXPTE. 2395/500.

Dáse conta do informe-proposta de data 17/11/17, asinado pola directora de Ingresos, o interventor xeral municipal e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

No Boletín Oficial da Provincia de 12 de setembro de 2017 e na prensa local con data 22 de setembro de 2017, foron publicados sendos anuncios de exposición pública dos acordos provisionais adoptados en sesión plenaria de 6 de setembro de 2017 sobre Modificacións de Ordenanzas Fiscais e Prezos Públicos contidas nos puntos 2 a 17 da orde do día, todo isto de conformidade co artigo 17.2 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A) Durante o período de exposición pública de trinta días hábiles comprendidos entre o día 13 de setembro e 25 de outubro pasado, tiveron entrada no Rexistro Xeral os seguintes escritos:

- Documento 170139845 presentado pola Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello de Vigo.
- Documento con código de solicitude: W248581-6838 presentado por D. Xabier Pérez Iglesias, responsábel de Acción Municipal BNG-Vigo.

B) Foron remitidos ao Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, solicitando deste un pronunciamento sobre a consideración ou non de “reclamacións” nos términos do artigo 17.1 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A sala do TEA do Concello en sesión celebrada o 14/11/17 presta aprobación á proposta de informe asinada polo vocal do TEA do Concello de data 06/11/17 do seguinte tenor literal:

“ Ambos escritos propoñen unha redacción alternativa de diversos artigos de Ordenanzas, non cuestionando en caso algún a legalidade dos mesmos.

O artigo 111 da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), establece que “Los acuerdos de establecimiento, supresión y ordenación de tributos locales, así como las modificaciones de las correspondientes Ordenanzas fiscales, serán aprobados, publicados y entrarán en vigor, de acuerdo con lo dispuesto en las normas especiales reguladoras de la

imposición y ordenación de tributos locales...” e a dita normativa especial ven construída polo establecido nos artigos 15 a 19 do RDLex 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLFL) que, no que aquí nos interesa, prevé no seu artigo 17,1 un trámite de exposición pública durante o que "... los interesados podrán examinar el expediente y presentar las reclamaciones que estimen oportunas".

Este trámite de información pública para presentar reclamacións ven configurado dun xeito máis restritivo que o definido para o procedemento para a aprobación das ordenanzas non fiscais do artigo 49.b) da LRBRL (que se configura coma trámite "...para la presentación de reclamaciones y sugerencias") e, por conseguinte, e ós efectos das reclamacións que poidan ser presentadas, a admisibilidade das mesmas (previa á estimación ou desestimación das admitidas) requirirá a triple concorrencia dos requisitos obxectivo, subxectivo e temporal.

No suposto dos escritos de alegacións remitidos, cumpren coas condicións subxectivas (suxeito que pode verse afectado polo acto ou partido político ou asociación que actúa en virtude de representación popular) e temporal (presentado en prazo). Nembargantes, e en relación co obxecto das alegacións, non se basea no incumprimento de norma algunha senón que se limita a facer unhas apreciacións ou ben inaplicables por non contar con previsión legal ó respecto ou "de lege ferenda" (é dicir, do que entenden as persoas interesadas que debería establecer a norma) que se enmarcarían no exercicio do dereito de petición do artigo 29,1 da Constitución e non coma reclamacións ás Ordenanzas Fiscais, cuxo contido ven limitado, por impoñelo así o mentado artigo 17,1 do TRLFL a cuestións de discrepancia da norma aprobada inicialmente coas normas de rango normativo superior e non á apreciación do que a dita Ordenanza Fiscal debería regular.

Neste aspecto, compre ter en conta que, segundo establece o artigo 7.1 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria (LXT) "Los tributos se regirán:

- a) Por la Constitución.
- b) Por los tratados o convenios internacionales que contengan cláusulas de naturaleza tributaria y, en particular, por los convenios para evitar la doble imposición, en los términos previstos en el artículo 96 de la Constitución.
- c) Por las normas que dicte la Unión Europea y otros organismos internacionales o supranacionales a los que se atribuya el ejercicio de competencias en materia tributaria de conformidad con el artículo 93 de la Constitución.
- d) Por esta Ley, por las Leyes Reguladoras de cada tributo y por las demás leyes que contengan disposiciones en materia tributaria.
- e) Por las disposiciones reglamentarias dictadas en desarrollo de las normas anteriores y, específicamente en el ámbito tributario local, por las correspondientes ordenanzas fiscales..."

Polo tanto, os escritos referidos, ó entender deste Tribunal, non teñen a condición de reclamación ás Ordenanzas nos termos do artigo 17,1 do TRLFL e, polo tanto, as Ordenanzas Fiscais poderían entenderse aprobadas definitivamente sen necesidade de novo acordo plenario ó non se ter presentado reclamación admisible algunha contra elas".

A vista do anterior, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º) Tomar en consideración o acordo do TEA do Concello de data 14/11/17, debendo entenderse definitivamente aprobadas con data 26/10/17 as Modificacións de Ordenanzas Fiscais e Prezos Públicos para 2018 que se relacionan a continuación e que foran aprobadas provisionalmente en sesión plenaria de 6 de setembro de 2017,

1. Modificación da Ordenanza Fiscal Xeral (1). Expte: 2399/500.
2. Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis. (2). Expte: 2400/500.
3. Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Vehículos de tracción mecánica. (3). Expte: 2398/500.
4. Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas. (4). Expte: 2401/500.
5. Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas polos Documentos que expida ou que entenda a Administración do Concello e a Xerencia de Urbanismo, a instancia de parte. (10). Expte: 2402/500.
6. Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas relativas ao Servizo de Taxi na Cidade de Vigo. (11). Expte: 2403/500.
7. Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa polos servizos especiais por espectáculos e transportes. (12) Expte: 2404/500.
8. Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora dos dereitos ou Taxas pola prestación dos servizos dos Cemiterios Municipais. (14) . Expte: 2405/500.
9. Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas pola inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos. (15). Expte: 2406/500.
10. Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas pola recollida do lixo. (16). Expte: 2407/500.
11. Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas pola prestación dos servizos de Sanidade preventiva, Desinfección, Desinsectación, Desratización e destrución de calquera clase de materias e produtos contaminantes ou propagadores de xermes nocivos para a saúde pública prestados a domicilio ou por encargo. (19). Expte: 2408/500.
12. Modificación da Ordenanza reguladora dos Prezos Públicos das Escolas municipais de música e artes escénicas (40). Expte: 2410/500.
13. Modificación da Ordenanza reguladora dos Prezos Públicos pola prestación do servizo de organización de espectáculos, aluguer de instalacións para estes, xestión integral de RSU de construción e demolición domiciliarios, depositados en sacos na vía pública e participación noutras actividades ou programas (42). Expte: 2414/500
14. Modificación da Ordenanza reguladora dos Prezos Públicos por utilización das instalacións deportivas municipais dependentes da Concellería de Deportes(52). Expte: 2411/500.

15. Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas dos servizos que presta o “VI-GOZOO”.(53). Expte: 2415/500.

16. Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas pola prestación de servizos de Subministración de auga potable, rede de sumidoiros, Saneamento e Depuración de augas residuais. (60). Expte: 2412/500.

2º) Respecto dos escritos presentados como alegacións, propostas ou suxerencias, serán tramitados conforme ao dereito de petición no que se enmarcan.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1243).- SUBVENCIÓN, MEDIANTE UN CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA, PARA O DESENVOLVEMENTO DA XL EDICIÓN DOS PREMIOS DA CRÍTICA-GALICIA. EXPTE. 1439/330.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10/11/17 e o informe de fiscalización do 20/11/17, dáse conta do informe-proposta do 10/11/17, asinado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data do Rexistro Xeral 16 de outubro pasado, a Fundación Premios da Crítica Galicia presenta escrito de solicitude de subvención para a *XL edición dos Premios da Crítica-Galicia*; por este motivo, con data 17 de outubro, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente, por importe de 9.000 €, e realizar un convenio con esta entidade para regulala.

ANTECEDENTES.-

A **FUNDACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA** é unha institución con carácter de Fundación Cultural privada que ten como obxectivo estimular e favorecer a cultura galega en xeral e, en particular, o fomento das artes plásticas, etnografía, socioloxía, economía, campos para o que a Fundación organiza a convocatoria anual dos **PREMIOS DA CRÍTICA-GALICIA**, que no ano 2017 chegan á súa cuatrixésima edición. Estes premios instituíronse coa finalidade de facer público o recoñecemento que, dentro do marco xeral da cultura galega, merezan os labores individuais ou colectivos para os diversos ámbitos da creación cultural e da investigación en Galicia.

PROGRAMA E ORZAMENTO:

O acto de entrega de premios da **XL EDICIÓN DOS PREMIOS DA CRÍTICA-GALICIA** desenvolveranse o 4 de novembro de 2017.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 20.100 € (vinte mil cen euros) financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 9.000 € (44,78 %)
- Secretaría Xeral de Cultura: 7.000 € (34,82 %)
- Deputación de Pontevedra: 2.500 € (12,44 %)
- Cotas xantar: 1.600 € (7,96 %)

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Estatutos da entidade e capacidade do presidente
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente
- Escrito de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo á **XL EDICIÓN DOS PREMIOS DA CRÍTICA-GALICIA**, proposto polo Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á **FUNDACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA**, para a organización do *XL edición dos Premios da Crítica-Galicia*, obxecto do presente convenio, rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á **FUNDACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA** deberá axustarse ao previsto no art. 22. apartado 2. c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, en base a:

- ao interese público, social e cultural que supón a actividade proposta para a cidade de Vigo e a comunidade autónoma galega en xeral.
- ao tratarse dunha entidade singular que ten como principal obxectivo estimular e favorecer a cultura galega en xeral e, en particular, o fomento das artes plásticas, etnografía, socioloxía, economía.
- á singularidade da actividade proposta (*XL edición dos Premios da Crítica-Galicia*), que supón o recoñecemento que, dentro do marco xeral da cultura galega, merezan os labores individuais ou colectivos para os diversos ámbitos da creación cultural e da investigación en Galicia, e que está totalmente institucionalizada na vida cultural galega nos seus trinta e nove anos de existencia.

Por todo o exposto, considérase que non procede promover a concorrència para o seu outorgamento.

Dado que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións, inclúese o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á **FUNDACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA** ten como obxecto financiar a organización do *XL edición dos Premios da Crítica-Galicia* con cargo á partida 3340.489.00.06 "SUBVENCIÓN CULTURAL", a concesión dunha subvención por importe de 9.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á **FUNDACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA** é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 9.000 € (nove mil euros) á **FUNDACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA**, CIF. G27847839, para o

financiamento da XL edición dos Premios da Crítica-Galicia, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.489.00.06 "SUBVENCIÓN CULTURAL", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a FUNDACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do XL edición dos Premios da Crítica-Galicia".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA, PARA O DESENVOLVEMENTO DA XL EDICIÓN DOS PREMIOS DA CRÍTICA-GALICIA.

En Vigo, _ de _____ de dous mil dezasete

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, ambos de data 19 de xuño de 2015; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Doutra, D. Bieito Ledo Cabido, na súa condición de presidente da FUNDACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA (CIF: G27847839) (en adiante a ASOCIACIÓN), con enderezo social en Avenida Florida, 30, planta baixa, CP 36210 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

*I.- Que a **FUNDACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA** é unha institución con carácter de Fundación Cultural privada que ten como obxectivo estimular e favorecer a cultura galega en xeral e, en particular, o fomento das artes plásticas, etnografía, socioloxía, economía, campos para o que a Fundación organiza a convocatoria anual dos **PREMIOS DA CRÍTICA-GALICIA**, que no ano 2017 chegan á súa cuatrixésima edición. Estes premios instituíronse coa finalidade de facer público o recoñecemento que, dentro do marco xeral da cultura galega, merezan os labores individuais ou colectivos para os diversos ámbitos da creación cultural e da investigación en Galicia.*

II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor de dita actividade e acción e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da

FUNDACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA, concretamente na **XL EDICIÓN DOS PREMIOS DA CRÍTICA-GALICIA**, como medio que é de promover e dinamizar a cultura da cidade e da comunidade autónoma galega.

III.- Que con esta finalidade o Concello de Vigo colaborará no citado programa con cargo á aplicación orzamentaria 3340.489.00.06 do orzamento municipal vixente para o presente exercicio, a favor da **FUNDACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA**, coa cantidade de 9.000 euros.

IV.- Que a **FUNDACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver a **XL EDICIÓN DOS PREMIOS DA CRÍTICA-GALICIA**, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 20.100 € (vinte mil cen euros) financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 9.000 € (44,78 %)
- Secretaría Xeral de Cultura: 7.000 € (34,82 %)
- Deputación de Pontevedra: 2.500 € (12,44 %)
- Cotas xantar: 1.600 € (7,96 %)

TERCEIRA.- DATAS DO PROGRAMA

O acto de entrega de premios da **XL EDICIÓN DOS PREMIOS DA CRÍTICA-GALICIA** desenvolveranse o 4 de novembro de 2017.

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Anxo Xoán Rajó Pazó.

2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
3. Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina “vigocultura.org” e demais canles oficiais.
7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
8. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- Xestionar o pagamento do importe da subvención (9.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMIENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes,

ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e custo final.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 11 de decembro de 2017.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
 - 6.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.

- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2017 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2017, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ANEXO I

ORZAMENTO XL EDICIÓN DOS PREMIOS DA CRÍTICA-GALICIA

1.- GASTOS:

Edición de material	350 €
Desprazamentos xurado	2.800 €
Deseño e impresión de serigrafías	2.600 €
Xantar entrega de premios	10.890 €
Gastos de recepción	230 €
Presentación acto entrega premios	300 €
Flores acto entrega premios	300 €
Grupo musical acto entrega premios	600 €
Equipo de son e do técnico	650 €
Agasallos acto entrega premios	630 €
Páxina web	750 €
TOTAL GASTOS	20.100 €

2.- INGRESOS:

Concello de Vigo	9.000 €
Secretaría Xeral de Cultura	7.000 €
Deputación de Pontevedra	2.500 €
Cotas xantar	1.600 €
TOTAL INGRESOS	20.100 €

8(1244).- DAR CONTA DO PASE Á VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE MULTAS URBANÍSTICAS. EXPTE. 10220/407.

Dáse conta do informe-proposta de data 10/11/17, asinado pola técnica de Tesourería e Xestión de Ingresos e o xerente, ambos da Xerencia Municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

Os ingresos polos distintos conceptos urbanísticos son liquidados, recadados e contabilizados polos servizos desta Xerencia Municipal de Urbanismo.

Por parte deste organismo impuxéronse multas que non foron ingresadas no período voluntario, polo que deben pasar á vía de constrinximento.

De conformidade coa base 48ª das de execución do vixente orzamento prorrogado do Concello de Vigo e a base 5ª das propias deste Organismo Autónomo “a recadación en vía de constrinximento dos ingresos da Xerencia farase utilizando os medios da Tesourería do Concello. A proposta do Xerente, o Tesoureiro dictará a correspondente providencia de apremio”.

O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por este concepto para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo.

En consecuencia, proponse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Quedar enterada das seguintes sancións urbanísticas que se remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dicte a correspondente providencia de apremio:

• Expediente 1418/426 (NIF *****784Z)	1.000,00 euros
• Expediente 1362/435 (CIF B*****132)	1.800,00 euros
• Expediente 13940/423 (CIF B*****274)	1.000,00 euros
• Expediente 1342/435 (NIF *****268D)	2.500,00 euros
• Expediente 1342/435 (NIF *****870J)	2.500,00 euros
• Expediente 114/435 (CIF H*****571)	2.000,00 euros
• Expediente 1032/435 (CIF B*****774)	1.500,00 euros
• Expediente 1508/435 (CIF B*****060)	3.000,00 euros
• Expediente 1149/426 (CIF A*****088)	4.100,00 euros
• Expediente 337/435 (CIF B*****863)	1.500,00 euros
• Expediente 2827/426 (NIF *****431S)	2.150,00 euros
• Expediente 465/435 (CIF B*****017)	1.800,00 euros
• Expediente 465/435 (CIF B*****017)	900,00 euros
• Expediente 1608/426 (CIF B*****764)	1.000,00 euros
• Expediente 1608/426 (CIF B*****764)	1.500,00 euros
• Expediente 66126/421 (CIF B*****516)	2.500,00 euros
• Expediente 66126/421 (CIF B*****405)	2.500,00 euros
• Expediente 66126/421 (NIF *****107B)	2.500,00 euros
• Expediente 1677/426 (CIF B*****567)	1.000,00 euros
• Expediente 1676/426 (CIF B*****567)	1.500,00 euros
• Expediente 1930/435 (CIF B*****812)	900,00 euros
• Expediente 2040/426 (CIF A*****157)	400,00 euros
• Expediente 1143/435 (CIF A*****915)	900,00 euros
• Expediente 1034/435 (NIF *****349H)	3.150,00 euros
• Expediente 1034/435 (NIF *****401F)	3.150,00 euros
• Expediente 18588/423 (NIF *****384G)	1.000,00 euros
• Expediente 1564/426 (NIF *****183L)	600,00 euros
• Expediente 1564/426 (NIF *****448N)	600,00 euros
• Expediente 2450/435 (NIF *****760T)	600,00 euros

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

9(1245).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO E O CONVENIO EXPROPIATORIO PARA A OBTENCIÓN DA PARCELA DESTINADA A DOTACIÓN LOCAL-VIARIO PÚBLICO NA RÚA REDOMEIRA, Nº 3-5. EXPTE. 253/413.

Dáse conta do informe-proposta do 14/11/17, asinado pola técnica de Admón. Xeral e o xerente da Xerencia municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

ANTECEDENTES E FEITOS

I. Con data do 22.05.2017 a Vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo ditou Resolución pola que, se dispuxo incoar o expediente de expropiación forzosa para a obtención da parcela con referencia catastral 4760418NG2746S, sita na rúa Redomeira, núm. 3, en Vigo, clasificada como solo urbano e destinada no PXOU93 a viario público municipal, de acordo co disposto nos artigos 118 e concordantes da LSG; No mesmo acto encomendábase á oficina de Planeamento e Xestión coa colaboración da oficina de Cartografía, a elaboración da documentación técnica necesaria e a tramitación do correspondente expediente de expropiación forzosa; Da referida resolución tomou coñecemento o Consello da XMU na sesión ordinaria que tivo lugar o 25.05.2017.

II. Con carácter previo á resolución amentada no parágrafo anterior, o 17.04.2017 a arquitecta municipal Xefa da área de Planeamento e Xestión emitiu informe, a cuxo íntegro contido nos remitimos, e no que entre outros extremos reflicte a clasificación e valoración dos bens obxecto de expropiación, así como a superficie a expropiar segundo o catastro que acada un total 83 m²; Valoración coa que a representación da propiedade mostrou a súa conformidade en comparecencia persoal nas dependencias desta XMU o 15.05.2017, tal e como consta acreditado no expediente; Posteriormente, en data 27.06.2017 a representación da entidade "Riazon, SL" achegaba un escrito a través do Rexistro xeral da XMU no que comunicaba expresamente a súa vontade de aceptar o mutuo acordo expropiatorio pola cantidade sinalada.

III. Elevado o expediente ao Servizo de Patrimonio municipal, con data do 14.07.2017 o Xefe de cartografía subscribe informe ao presente expediente, no que entre outras cuestións e no que aquí nos interesa, reflicte que segundo levantamento topográfico efectuado ao efecto a superficie afectada pola presente expropiación acada uns 63 m².

IV. Con posterioridade, e por mor da discrepancia existente no que atinxe aos metros cadrados obxecto de expropiación, a representación da entidade expropiada mediante comparecencia persoal efectuada nas dependencias da XMU, achegaba a modo de aclaración, para a súa unión o expediente de razón a seguinte documentación: copia simple de escritura de cesión gratuita de terreos de data 20.04.2001 e informe municipal de valoración da parcela emitido o 13.04.1998.

V. Vista a documentación presentada pola propiedade, a nota simple da parcela de referencia, e o informe de cartografía referido nas alíneas precedentes, mediante dilixencia do Xerente de urbanismo


do 14.09.2017, solicítase do servizo de patrimonio municipal a emisión do correspondente informe verbo da discrepancia existente no que atinxe á superficie a expropiar.

En cumprimento do solicitado, o 09.10.2017 o Xefe de cartografía subscribe informe, co seguinte teor literal,

*“ En contestación a súa petición, referente á documentación presentada pola propiedade, solicitando a revisión da superficie de expropiación e feitas as comprobacións sobre o terreo e contrastando os datos có plano de cesións incluído nos expedientes 26377 / 421 e 37225 / 421, **a superficie considerada é de 76,50 m²”.***

VI. Con data do 20.10.2017 a arquitecta municipal xefa do servizo de planeamento e xestión, emite novo informe de valoración, que se incorpora ao presente expediente, do que extractamos a continuación o que segue,

“(…) A parcela á que se refire este informe está situada no cruce do camiño Redomeira e a rúa Aragón. A súa referencia catastral é: 4760418NG2746S. Contén unha superficie, segundo o catastro, de 83 m².



Reproducción de parte da folia 19-24 do PXOU1993, plano de Clasificación e Calificación, coa parcela sinalada en vermello.

Con data 14 de xullo de 2017, o Xefe da Oficina de Cartografía, asinou levantamento topográfico da parcela no que se reflicte unha superficie total de 63 m², da parcela obxecto deste expediente de expropiación. A diferenza da superficie, polo que se deduce dos planos achegados polo servizo de cartografía, é unha zona adxacente á edificación, que no catastro figura como parte da parcela a expropiar, pero que segundo a documentación achegada, foi cedida ao Concello nos expedientes correspondentes á licenza de obras do edificio do número 46 da rúa Redomeira.

Con data 23 de agosto de 2017, a propiedade achega documentación relativa á cesión realizada no seu día, indicando que a súa propiedade é maior e que ademais da vivenda hai unha parte de terreo que non foi cedido no seu día. Foron realizadas comprobacións pola Oficina de Cartografía, contrastando o levantamento topográfico cos planos da cesión achegados, concluíndo que a superficie da parcela é de 76,50 m², abarca a superficie ocupada pola edificación máis dúas pequenas porcións de terreo adxacente.

A parcela está clasificada como solo urbano consolidado, pero fóra das aliñacións dos viais, é dicir o destino deste solo é de vial público, como pode comprobarse no plano que se reproduce. Este solo non ten, polo tanto, edificabilidade lucrativa asignada. A mazá na que se ubica ten como ordenanza de aplicación a 1.1.C. de Edificación Pechada de Expansión exterior. A mazá ten fixadas as aliñacións exteriores e interiores.

Na parcela obxecto deste informe existe unha edificación de planta baixa e primeiro piso, que no seu día, tivo uso vivenda unifamiliar. É unha construción antiga que xa fai anos non se utiliza e que se atopa en moi mal estado. Tras a construción do edificio adxacente polo extremo norte, situado no número 42 da rúa Aragón e número 7 do camiño Redomeira, a edificación quedou

Segundo a fotocopia da escritura de compra-venda achegada polo propietario, a parcela pertence á "RIAZÓN SOCIEDAD LIMITADA" e ten unha superficie de 82,82 m².

A descripción que figura na escritura de compra-venda di: "CASA de planta baja y sótano, con un pequeño patio, formando una sola finca, en el nombramiento de "FONTIÑA BELLA", hoy señalada con el número tres a la calle Redomeira, en la parroquia de Lavadores, municipio de Vigo. Ocupa todo la superficie de ochenta y dos centiáreas y ochenta y dos decímetros cuadrados, que linda: Norte, finca de los herederos de D.Manuel Dominguez; Sur, camino vecinal de Juan del Monte a Riomau; Este, finca de Carmen González; y, Oeste, Joaquín Magdaleno".

Realizado levantamento topográfico, e comparando cos planos da cesión correspondente ao expedientes 26377/421 e 37225/421 comprobase que a parcela ten unha superficie de 76,50 m².

Actualmente a parcela, segundo informe de Cartografía, contén unha superficie total de 76,50 m², limita ao norte co edificio situado no número 42 da rúa Aragón e 7A do camiño Redomeira, ao leste co camiño Redomeira, ao sur coa intersección entre a rúa Aragón e o camiño Redomeira e ao oeste coa rúa Aragón. Polo tanto, a valoración da parcela deberase modificar tendo en conta a superficie real da parcela que se pretende expropiar.

VALORACIÓN DA PARCELA E A EDIFICACIÓN.

A valoración realízase segundo o establecido polo TRLS/2008 e o seu Regulamento de Valoracións (RD1492/2011 de 24 de outubro) para os solos en situación de urbanizado. Realízase polo método residual estático, calculando o valor en base ó seu máis intensivo e mellor uso posible, e consistindo a súa estimación na detracción dos valores de inmobles actuais en venda o conxunto de gastos e beneficios de construción e promoción, obtendo residualmente o valor do aproveitamento.

Na parcela existe unha edificación que se atopa en moi mal estado e polo tanto non se considera a efectos de valoración. A valoración polo método de comparación do conxunto do solo e edificación, arrojaría valores moi inferiores ao método residual estático referido exclusivamente ao solo. A valoración se referirá, polo tanto, exclusivamente ao solo.

O método de valoración utilizado aquí será o **residual estático**, o Regulamento nos remite á fórmula coñecida:

$$VRS = (Vv/K) - Vc$$

sendo,

VRS: o valor de repercusión do solo en euros por metro cadrado edificable do uso considerado.

Vv: o valor en venda do metro cadrado de edificación do uso considerado do produto inmobiliario rematado, calculado sobre un estudo de mercado estatisticamente significativo, en euros por metro cadrado edificable.

K= 1,4

Vc= Valor da construción en euros por metro cadrado, dentro deste concepto inclúense todos os gastos necesarios para realizar a construción, como honorarios, licenza, seguridade en control de obra, etc.

A parcela non ten asignada edificabilidade lucrativa, polo tanto temos que aplicar o establecido no *TRLS/2008* e o seu Regulamento de Valoracións (*RD1492/2011* de 24 de outubro)

No Regulamento de Valoracións, artigo 20 apartado 3.:

“Si los terrenos no tienen asignada edificabilidad o uso privado por la ordenación urbanística, se les atribuirá la edificabilidad media, así definida en el artículo siguiente, y el uso mayoritario en el ámbito espacial homogéneo en que por usos y tipologías la ordeación urbana los haya incluído. A tales efectos, se entiende por ámbito espacial homogéneo, la zona de suelo urbanizado que, de conformidad con el correspondiente instrumento de ordenación urbanística, disponga de unos parámetros jurídico-urbanísticos que permitan identificarla de manera diferenciada por usos y tipologías edificatorias con respecto a otras zonas de suelo urbanizado y que posibilita la aplicación propia para su desarrollo”.

Fíxose un estudo da manzá na que se sitúa a parcela, analizando a superficie total privada e a edificabilidade posible a materializar, segundo o establecido na **ordenanza 1.1.C.**, os fondos edificables grafiados nos planos do PXOU 1993 e as alturas permitidas segundo o ancho dos viais (rúa Aragón e cmño Redomeira), **a edificabilidade media así calculada é de 2,93 m²/m².**

VALOR EN VENDA DO PRODUTO INMOBILIARIO

O Valor en Venta Vv estimouse a partir dun ESTUDO DE MERCADO na zona levado a cabo polos servizos municipais, facendo un seguemento de distintos testigos de transaccións e ofertas inmobiliarias recentes obtidas en páxinas web e consultas a axencias inmobiliarias. Deste xeito obtívose un valor de venda dunha vivenda por metro cadrado construído de 1720,15 €/m² de edificabilidade, as vivendas utilizadas como testemuñas teñan asociada unha praza de garaxe, así que no valor en venda utilizado inclúe unha parte proporcional de soto para de garaxe.

CUSTE DE CONTRUCIÓN.

Para calcular o custe da construción distínguense tres conceptos que son acumulativos: o custo de execución material, o beneficio industrial e os gastos xerais do contratista e outros gastos necesarios como honorarios técnicos, licenzas municipais e gastos de notaría e rexistro.

Calcúlase co módulo básico do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, que para o ano 2010 o estableceu en Mb=520 €/m². Dito módulo o actualizamos segundo o “Índice de Costes Sector de la Construcción” do Ministerio de Fomento. Aplicando tamén os coeficientes por uso e tipoloxía. Engadimos unha parte proporcional de praza de garaxe en planta soto.

Os cálculos realízanse para un metro cadrado e logo aplícanse á parcela concreta, co que o Presupuesto de Execución Material sería: 704,102 €/m², incluída a p.p. de soto para garaxe.

Marxe industrial contratista: 19% (13% Gastos xerais + 6% Beneficio industrial).

CUSTO DE CONSTRUCIÓN POR CONTRATA Cc: 837,90 €/ m².

Outros gastos:

Honorarios arquitecto e arquitecto técnico: 77,75 €/m².

Licenza: taxa + ICIO= 31,33 €/m².

Inspección, control técnico, seguro decenal: 46,09 €/m².

Outros gastos: Gastos fiscais, notaría e Rexistro da propiedade: custo estimado: 25,14 €/m².

TOTAL CUSTE DE CONSTRUCCIÓN: 1.017,91 €/m².

VALOR RESIDUAL EN SOLAR:

Do estudo de mercado realizado dedúcese que o valor de venda de mercado é de 1.720,15 €/m².

Así pois o Valor de Repercusión en Solar, VRS, será, aplicando a fórmula do método residual estático:

VRS= $1.720,15/1,4-1.017,91 = 210,77$ €/m² edificabilidade.
--

VALOR TOTAL DA PARCELA

A superficie total da parcela é de 76,50 m², a edificabilidade total: $2,93 \times 76,50 = 224,15$ m².

O VALOR TOTAL DA PARCELA será: $224,15 \text{ m}^2 \times 210,77 \text{ €/m}^2 = 47.244,10$ €

O valor total da parcela así calculada arroxa un valor de corenta e sete mil douscentos corenta e catro euros con dez céntimos (...)".

VII.- Á vista da nova superficie e valoración dos terreos a expropiar, con data do 23.10.2017 comparece nas dependencias da XMU don Venerando Rivas Miranda, en nome e en representación de "Riazón, SL", a quen se lle fai entrega do novo informe de valoración referido no parágrafo anterior, e no mesmo acto fai constar expresamente, que acepta o mutuo acordo expropiatorio pola cantidade total de 47.244,10 € máis o 5% do premio de afección.

VIII.- Consta incorporado ao expediente o corresponde certificado de retención de creto (RC), núm. de operación 201700002115.

IX.- Dando cumprimento ao disposto na Resolución de incoación do presente expediente, con data novembro de 2017 a Oficina de Planeamento e Xestión, coa colaboración da Oficina de Cartografía, elaborou a documentación técnica necesaria, e que neste intre se eleva para a súa aprobación polo órgano competente.

CONSIDERACIÓNS/FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Normativa examinada

- RD Lex. 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana,
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu Regulamento de aplicación,
- Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954,
- Decreto de 26 de abril de 1957, polo que se aproba o Regulamento da Lei de expropiación forzosa,
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido en materia de Réxime Local,

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas,
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia,
- R.D.2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,
- PXOU-93. Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia. A aprobación definitiva de dito PXOU 1993 foi publicada no DOG nº 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P nº 133, o 14 de xullo de 1993.
- Estatutos da XMU (A.D. versión refundida e consolidada Pleno do Concello de día 06.09.2010, BOP nº. 193, de día 06.10.2010)
- Outras disposicións que poidan afectar,

II. O Procedemento de Expropiación forzosa

De acordo co establecido no artigo 129 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a obtención dos terreos destinados a dotacións locais en solo urbano consolidado realizarase mediante expropiación forzosa, convenio entre a Administración e o propietario ou permuta forzosa con terreos do patrimonio municipal do solo.

Segundo o disposto no artigo 5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a actividade administrativa en materia de urbanismo terá como finalidade: *a) Asegurar que o solo se utilice en congruencia coa utilidade pública e a función social da propiedade nas condicións establecidas nas leis e, en súa virtude, no planeamento urbanístico.* A este respecto, a aprobación definitiva do planeamento urbanístico implicará, a tenor do establecido no artigo 85.1 do referido texto legal, *a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados aos fins de expropiación ou imposición de servidumes.*

O procedemento de expropiación forzosa resulta, polo tanto, idóneo para a obtención da parcela de referencia, resultándolle de aplicación as disposicións vixentes da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia, do Real decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana, do Real decreto 1492/2011, do 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da Lei de Solo e da Lei de 16 de decembro de 1954 de Expropiación Forzosa e do seu Regulamento de desenvolvemento.

Neste senso, e de conformidade co establecido no artigo 290.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, a Administración expropiante poderá aplicar o procedemento de taxación conxunta, especialmente apropiado para as expropiacións urbanísticas pola súa simplicidade e efectos, ou seguir o expediente de valoración individual previsto na lexislación vixente en materia de expropiación forzosa.

Sendo a elección do procedemento unha opción para a Administración expropiante, obsérvase que, neste caso, o procedemento de taxación conxunta permitirá a urxente ocupación duns terreos necesarios para a regularización desta parte da trama viaria da cidade. Desta forma, mellorarase a transitabilidade e seguridade da vía nun menor prazo e, ao mesmo tempo, garántese ao expropiado que non será privado dos seus bens sen o pagamento íntegro do prezo xusto que definitivamente se aprobe pola Administración expropiante ou do que, **de ser o caso, resulte fixado de mutuo acordo coa propiedade, de acordo coas disposicións vixentes da LEF e correlativas de aplicación.**

III.- Obxecto do convenio para a adquisición dos terreos por mutuo acordo ou avinza

Tal e como se indicou no relato de feitos da presente, a propiedade amosou a súa conformidade ao mutuo acordo ofrecido por esta administración pola cantidade indicada, mediante comparecencia persoal incorporada ao expediente de data 23.10.2017.

Dito convenio expropiatorio ten por finalidade concretar o valor dos bens que son obxecto de expropiación (S.TS 16-II-2007, reiterando a doutrina recollida en S. 13-VII-1987, 1-X-1991, 4-V-1998, 22-III e 30-IV-1999 e S. TSXG 16-XI-2016), trátase dun acto administrativo específico que pon fin ao expediente, de conformidade co pautado no artigo 24 da Lei de Expropiación Forzosa e, por iso, a súa función é poñer fin ao expediente por mutuo acordo na adquisición dos bens consonte ao citado artigo da LEF, obrigando á Administración e ao expropiado pola vinculación de ambos aos seus actos propios.

IV.- Partes intervintes: Competencia

O artigo 24 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954 establece que a administración e o particular a quen se refira a expropiación poderán convir a adquisición dos bens e dereitos afectados que son obxecto de aquela libremente e por mutuo acordo, en cuxo caso, unha vez convidados os termos da adquisición amistosa, se dará por concluído o expediente iniciado. No caso de que no prazo de quince días non se chegara a tal acordo se seguirá o procedemento que se establece nos artigos seguintes, sen prexuízo de que en calquera estado posterior a súa tramitación poidan ambas partes chegar a dito mutuo acordo.

No que atinxe á competencia municipal, os artigos 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, establecen que o municipio para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras materias, nas de ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística.

Asemade, resulta de aplicación o disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector Público.

Segundo pauta o artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de réxime local, resulta de aplicación o disposto no artigo 86 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando estipula que as administracións públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico nin versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público que teñen encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevexa a disposición reguladora, podendo tales actos ter a consideración de finalizadores dos procedementos administrativos ou enxerirse nos mesmos con carácter previo, vinculante ou non, á resolución que lles poña fin. Axuizado o contido do convenio proposto, non se aprecia disposición ou cláusula algunha que contraveña o ordenamento xurídico.

Quedan tamén citados os artigos 1255 do Código Civil, e 310 LALG e invocado o dereito a participación cidadán nos asuntos públicos e no urbanismo recolleito no Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana.

Pola súa banda, o artigo 4.1.c) e 4.2 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público (norma en vigor na actualidade) exclúe do seu ámbito de aplicación a este tipo de convenios.

Xa que logo a subscripción de convenios expropiatorios, entre administracións públicas- Concello de Vigo-, e particulares- neste caso a entidade "Riazon, SL", xustifícase plenamente na lexislación tanto urbanística como administrativa.

V.- Situación urbanística dos terreos a expropiar

O PXOU-93 definiu o trazado e aliñacións do camiño Redomeira e a súa intersección coa rúa Aragón, hoxe interrompida por unha parcela, na que se empra unha edificación en mal estado de conservación. A parcela identifícase coa seguinte referencia catastral: 4760418NG2746S.

A nomeada parcela ten un destino a vial público no PXOU-93 e está clasificada como solo urbano, quedando fóra das aliñacións previstas á edificación existente. Ademais, segundo reflicten os informe de data 17.04.2017 e 20.10.2017 da Xefa de Planeamento e Xestión, correspóndelle a cualificación de solo urbano consolidado e non ten asignada edificabilidade lucrativa ningunha no planeamento xeral.

VI. - Obtención dos terreos necesarios

De acordo co establecido no artigo 129 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a obtención dos terreos destinados a dotacións locais en solo urbano consolidado realizarase mediante expropiación forzosa, convenio entre a Administración e o propietario ou permuta forzosa con terreos do patrimonio municipal do solo.

VII.- Órgano competente

Correspóndelle estatutariamente á XMU a tramitación, a execución e a proposta de aprobación dos expedientes de expropiación forzosa (Art. 2.4.A) 12 dos Estatutos XMU) e ao Consello de Xerencia someter ao órgano competente para resolver, as propostas de resolución nos asuntos da competencia da XMU que, de acordo co disposto nas disposicións legais, deban ser aprobadas por algún órgano do Concello (Art. 10.1 dos Estatutos XMU).

No caso presente, será a Xunta de Goberno Local (Art. 127.1.d] LRBRL) o órgano competente para a aprobación do expediente expropiatorio.

PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de aplicación, e atendendo aso informes técnicos que obran no expediente, emitidos en datas 09.10.2017 e 20.10.2017, respectivamente, que se incorporan ao texto do presente e lle serven de fundamento nos termos do artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas, propónse ao Consello da XMU para a súa elevación á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte,

«ACORDO

Primeiro: Prestar aprobación ao Proxecto e á proposta de Convenio expropiatorio, que se xuntan como anexos á presente proposta, polo que o Excmo Concello de Vigo e a entidade "Riazón, SL" conveñen a expropiación por mutuo acordo dos bens e dereitos afectados, da parcela sita na rúa Redomeira núm.3, esquina rúa Aragón, neste termo municipal de Vigo.

Segundo: Autorizar o gasto por unha cantidade total de 47.244,10 euros máis o 5% do premio de afección, con cargo a aplicación orzamentaria 15106000002300 do estado de gastos do orzamento municipal deste Concello para o exercicio 2017, cantidade que resulta do mutuo acordo que se materializará coa sinatura do correspondente documento administrativo.

Terceiro: Seguidamente a súa aprobación polo órgano competente e posterior sinatura, levantarase a correspondente acta de pagamento e ocupación, co fin de que teña lugar a transmisión en pleno

dominio da titularidade do solo afectado a favor do Excmo. Concello de Vigo. Un exemplar da nomeada acta quedará unida ao presente convenio para garantir o cumprimento do estipulado.

Cuarto: Notificar este acordo e as súas posteriores actuacións para facelo efectivo a todos os interesados no procedemento.

Non obstante, o presente informe proposta non é vinculante e o órgano competente decidirá, co seu superior criterio, o que estimen máis conveniente.

Con data 16/11/17, o Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo acorda o seguinte: "elevar a Xunta de Goberno Local a presente proposta para a súa resolución".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROPOSTA DO CONVENIO EXPROPIATORIO PARA A OBTENCIÓN POR MUTUO
ACORDO E OCUPACIÓN DA PARCELA DESTINADA A DOTACIÓN LOCAL-VIARIO
PÚBLICO NA RÚA REDOMEIRA NÚM. 3-5, EN VIGO

REUNIDOS:

Dunha parte, D^a MARÍA JOSÉ CARIDE ESTÉVEZ, Concelleira Delegada de Urbanismo do Concello de Vigo e Vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Doutra, D. VENERANDO RIVAS MIRANDA, con DNI: 36.036.651-K, na súa condición de apoderado da entidade "Riazón, SL" con NIF B-36755031,

INTERVEÑEN

D^a. MARÍA JOSÉ CARIDE ESTÉVEZ, en representación do Excmo. Concello de Vigo, de acordo cos nomeamentos e delegacións de competencias realizados mediante Resolucións do Alcalde-Presidente de datas 19.06.2015 e 06.07.2015.

D. VENERANDO RIVAS MIRANDA, en representación da entidade mercantil "Riazón, SL", na súa calidade de apoderado, segundo escritura de constitución da sociedade outorgada o 27.11.1992 perante o notario desta cidade don Roberto Martínez Martínez ao número 3473 do seu protocolo, (xúntase documentación acreditativa).

Ambas partes recoñécense a mutua e legal capacidade para obrigarse a través do seguinte,

CONVENIO EXPROPIATORIO DE ADQUISIÓN POR MUTUO ACORDO E OCUPACIÓN

ANTECEDENTES

1º.- . O Plan Xeral de Ordenación Urbana vixente no Concello de Vigo (en diante, PXOU93) foi aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29.04.1993 (DOG nº 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P nº 133, o 14 de xullo de 1993), no nomeado *Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA* (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia).

O PXOU93 definiu o trazado e aliñacións do camiño Redomeira e a súa intersección coa rúa Aragón, hoxe interrompida por unha parcela, cuxa superficie catastral é duns 83,00 m², na que se empraza unha edificación en mal estado de conservación. A parcela identifícase coa seguinte referencia catastral: 4760418NG2746S.

A nomeada parcela ten un destino a vial público no PXOU-93 e está clasificada como solo urbano, quedando fóra das aliñacións previstas á edificación existente. Ademais, correspóndelle a cualificación de solo urbano consolidado e non ten asignada edificabilidade lucrativa ningunha no planeamento xeral.

2º.- A obtención da parcela de referencia permitira ao Concello de Vigo despexar e ampliar a intersección existente entre o camiño de Redomeira e a rúa Aragón, hoxe parcialmente ocupada pola presenza da devandita edificación en mal estado de conservación, de forma que se ampliará o viario existente ata conseguir a sección prevista no Planeamento xeral.

3º.- De conformidade co disposto no artigo 129 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a obtención dos terreos destinados a dotacións locais en solo urbano consolidado realizarase mediante expropiación forzosa, convenio entre a Administración e o propietario ou permuta forzosa con terreos do patrimonio municipal do solo.

4º.- O procedemento de expropiación forzosa resulta idóneo para a obtención dos terreos de referencia; Neste senso, con data do 22.05.2017 a Vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo ditou Resolución pola que se dispuxo incoar o expediente de expropiación forzosa para a obtención da parcela con referencia catastral 4760418NG2746S, sita na rúa Redomeira, núm. 3, en Vigo; No mesmo acto encomendábase á oficina de Planeamento e Xestión coa colaboración da oficina de cartografía, a elaboración da documentación técnica necesaria e a tramitación do expediente de expropiación forzosa.

O referido proxecto expropiatorio foi elaborado polos servizos xurídicos e técnicos da XMU, con data novembro de 2017.

5º.- Así pois, iniciada a tramitación do presente expediente, tralo levantamento topográfico efectuado ao efecto con data do 14 de xullo de 2017, vista a documentación achegada pola propiedade relativa á cesión efectuada no seu día, e unha vez realizadas as oportunas comprobacións pola oficina de cartografía contrastando o dito levantamento topográfico cos planos da cesión achegados correspondentes aos expedientes 26377/421 e 37225/421, conclúese que a superficie da parcela a expropiar é de 76,50 m², abarcando a superficie ocupada pola edificación máis dúas pequenas porcións de terreo adxacente.

Deste xeito, feitas as procedentes correccións, as partes recoñecen que a relación de bens e dereitos afectados debe establecerse da seguinte maneira:

Situación	Referencia Catastral	Superficie afectada	Titularidade
Redomeira núm.3	4760418NG2746S	76,50 m ²	Riazon, SL

A parcela afectada figura inscrita no Rexistro da Propiedade n.º 2 de Vigo, ao Libro 1076, Folio 75, Tomo 2128, finca n.º 65023.

6º.- Tendo en conta que o convenio expropiatorio ten por finalidade concretar o valor dos bens que son ou vaian a ser obxecto de expropiación (S.TS 16-II-2007, reiterando a doutrina recollida en S. 13-VII-1987, 1-X-1991, 4-V-1998, 22-III e 30-IV-1999 e S. TSXG 16-XI-2016), trátase pois dun acto administrativo específico que pon fin ao expediente, de conformidade co artigo 24 da Lei de Expropiación Forzosa e, por iso, a súa función é poñer fin ao expediente por mutuo acordo na adquisición dos bens consonte o citado artigo da Lei de Expropiación Forzosa, obrigando á Administración e ao expropiado pola vinculación de ambos aos seus actos propios.

Por iso, e en base ao disposto nos artigos 24 da Lei de Expropiación Forzosa e 5.2.3 do seu Regulamento de desenvolvemento, ambas partes:

CONVEÑEN

PRIMEIRO.- O Excmo. Concello de Vigo e a entidade “Riazón, SL” conveñen a expropiación por mutuo acordo dos bens e dereitos afectados para a obtención da parcela sita na rúa Redomeira núm. 3, esquina rúa Aragón, que figura referenciada no antecedente quinto do presente Convenio e que son as seguintes:

Situación	Referencia Catastral	Superficie afectada	Titularidade
Redomeira núm.3	4760418NG2746S	76,50 m ²	Riazon, SL

A parcela limita ao Norte co edificio sito no número 42 da rúa Aragón e 7A do Camiño Redomeira; ao Leste co camiño Redomeira; ao Sur coa intersección entre a rúa Aragón e o camiño Redomeira e ao Oeste coa rúa Aragón.

As partes recoñecen que a configuración, superficie e lindeiros da dita parcela son as que se consignan no presente convenio e proxecto expropiatorio.

A adquisición realízase libre de toda carga e gravame, arrendatario ou ocupante.

SEGUNDO.- O prezo xusto expropiatorio, de conformidade co informe de valoración suscrito pola arquitecta municipal xefa da área de Planeamento e Xestión en data 20.10.2017, acada un importe de CORENTA E SETE MIL DOUSCENTOS CUARENTA E CATRO EUROS CON DEZ CÉNTIMOS **(47.244,10 €)**, partida alzada na que se inclúen os conceptos indemnizatorios, menos o 5% do premio de afección.

A entidade “Riazon, SL” renuncia á interposición de calquera acción que, en relación con este procedemento, poderá corresponderlle, incluída calquera manifestación de desconformidade ou acción administrativa ou legal sobre o prezo xusto aquí fixado.

TERCEIRO.- Ambas partes conveñen en que, seguidamente á aprobación do proxecto expropiatorio e convenio de razón, polo órgano municipal competente, levantarase a correspondente acta de pagamento e ocupación, co fin de que se ultimen os trámites para que teña lugar a transmisión en pleno dominio da titularidade do solo a favor do Excmo. Concello de Vigo. Un exemplar da nomeada acta quedará unida a este convenio para garantir o cumprimento do estipulado.

CUARTO.- As partes asinantes do presente Convenio Expropiatorio, comprométense a cumprilo ben e fielmente, e a outorgar cantos documentos públicos ou privados fosen necesarios para a súa plena efectividade, facilitando a ocupación efectiva dos mesmos e a súa inscrición no Rexistro da Propiedade, a cuxo efecto subscribirán e aportarán cantos documentos sexan necesarios a tal efecto segundo o dito organismo.

QUINTO.- O presente convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será competente para resolver as controversias que podan xurdir da súa interpretación e cumprimento.

SEXTO.- E como proba de conformidade, as partes asinan o presente acordo estendido sobre catro follas, por cuadruplicado exemplar, previa a súa lectura polo Secretario desta XMU, a cuxo contido non se formulou obxección ou alegación ningunha.

10(1246).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez